

É Paradela terra de camiños, encrucillada de rutas, Camiño de Santiago, vieiro de estrelas “Vía Láctea” pola que circula o POETA-OBREIRO de Paradela, irradiando cultura, exemplarizante desde o seu compromiso durante a súa vida física e agora a través do seu certame literario.

Se no lonxano século IV a. de C., o orador ateniense Isócrates afirmou que: “una colección de bellas máximas es un tesoro más apreciable que las riquezas”, eu preguntome qué sería desas catrocentas obras xa existentes nos arquivos do Certame e, en especial, dos traballos que acadaron o galardón de gañadores e figuran impresos nos libros de publicación anuais. Ben seguro que ficarían só na mente dos seus autores e perderíanse para o resto da humanidade, por certo, tan necesitada de estímulos espelidores. Así que me atrevo a afirmar que Manuel Rodríguez López segue a ser a “SEMENTE AVIVECEDORA” que xermola extraordinariamente.

Como exemplo do que estou a dicir, basta con votar unha ollada e coidar a onde irían a parar obras como a de Terrín Benavides “*Regresar a Galicia con los brazos abiertos*” que, por certo, conecta moi ben co sentido do meu comentario.

.....

“ ¡ Oh romance de amor que purifica!
Al alba, cuando Dios abre la puerta
de esta luz infinita, magna oferta,
la eternidad revienta y me salpica.”

.....

Ou qué sería de “*O reloxo dos Outonos*” de Baldomero Iglesias Dobarro, que tamén vén a conto,

.....

“Tempo exacto da existencia,
tempo sereo que corre,
filósofo, sabio e poeta
entre pausas e sabores.
Tras da noite ven o día, ...sabores e sensabores.
É tempo de recollerse e estimar mellor a vida.”

.....

E así poderíamos continuar cos galardoados nesta sétima edición , “*Sueños*” de Salvador Moreno Pérez

.....

“que los siete colores
han excluído el negro del arco de la tarde
y el lienzo de la noche tan sólo es el ropaje que lucen las estrellas.”

.....

Ou “*Longo océano de ausencia*” de Simón Iglesias Posse

....

“Ausencia

¿E cómo encher os minutos mortos?

¿Cómo non ter furia nas veas?.

Se cando estiveron

eu só era

un títere ridículo de feira.”

.....

Así poderíamos lembrar todas e cada unha das obras existentes que conforman un gran volume de traballos cheos de ilusións, de profundidade, desenvolvendo cada quen a súa sensibilidade creadora, aleccionándonos a todos, e todo iso gracias ó noso MESTRE que actúa de nexo ou fío conductor, que polos vieiros mencionados ó principio deste escrito xermolan debido á sementeira por el creada.

Paradela, outono de

2002.

Xosé Manuel Mato

Díaz.